



ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE 5 PRAZAS DE SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTES A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO DOS ANOS 2017, 2018 E 2019 (1ª FASE) PUBLICADA NO B.O.P.PO Nº 128 DE DATA 7 DE XULLO DE 2020 E A RECTIFICACIÓN DE ERROS NO B.O.P.PO Nº 206 DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2020.

RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS A FASE DO CONCURSO DE MÉRITOS

O órgano de selección en sesións de datas 2 de setembro e 14 de setembro de 2021, dictou o seguinte acordo de resolución das alegacións presentadas polos aspirantes as valoracións do concurso de méritos publicadas na data 26 de agosto de 2021:

1. APARICIO GONZALEZ, VICENTE:

ALEGACIÓN: Considera mal valorados os apartados de cursos e titulacións académicas . Aporta documentación sobre cursos realizados que terían una valoración de 3 puntos, e alega que presenta como titulación superior a esixida para o acceso a praza un titulo en arquitectura e en outras titulacións superiores ou do mesmo nivel con relación directa a praza: Master en urbanismo e titulo grado medio técnico deportivo

ACORDO: En relación coa alegación achegada polo aspirante Vicente Aparicio Gonzalez, compróbase que os cursos alegados na solicitude presentada para tomar parte no concurso oposición obran nos arquivos do servizo de recursos humanos polo que se procede a sua puntuación, correspondendo unha valoración de 3 puntos no apartado de cursos; asi mesmo compróbase que o titulo alegado tamén figura nos arquivos de recursos humanos polo que procede a sua valoración de conformidade co disposto no apartado 3.1 da base decimo segunda das xerais.

En consecuencia, o órgano de selección acorda estimar a alegación presentada por Vicente Aparicio Gonzalez, corrixindo a puntuación correspondente a cursos que pasa a ser de 3 puntos e a correspondente a titulacións académicas que pasa a ser de 1 punto.

2. CABALEIRO NOVELLE, MIGUEL ANGEL:

ALEGACIÓNS:- Presenta na instancia un Ciclo superior de produción por mecanizado cursado no Colexio Hogar de Vigo considerando que lle corresponde 1 punto;

Indica que de conformidade coa base decimo segunda os aspirantes deben contar co titulo de bachiller ou contar con 10 anos integrados no grupo C2, si ben debe clarexarse que os requisitos para o acceso á praza non figuran na base decimo segunda das xerais como alega o reclamante senón que figuran nas bases especificas nº IV .

Asi mesmo informa que se supervisen as puntuacións da columna de antigüidade, sen concretar o aspecto reclamado.

ACORDO: En relación ca titulación aportada, o Ciclo referido ten equivalencia a un FP2 (mesmo nivel que o esixido para o ingreso), polo que no seu caso correspondería a sua valoración coma mérito dentro do punto 3.2 da cláusula décima. Sen embargo, a titulación



non ten relación directa coas funcións do posto a que se poda adscribir a praza, polo que non procede a súa valoración.

A vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas

3. CABALEIRO NOVELLE, DANIEL:

ALEGACIONES:- A valoración da antigüidade de tódolos que entraron no SPEIS de Vigo na data 11 de abril de 2011 debería ser a mesma para todos, polo que solicita se revise e di que existe un agravio comparativo entre a data de presentación das instancias e a data de publicación do concurso de méritos.

Sinala así mesmo que no período de presentación de instancias achegou os seguintes títulos académicos, alegando que lle corresponden 2 puntos por titulación académica coma ocorreu na anterior oposición a sarxento no ano 2018. :

- Ciclo superior de prevención de riesgos profesionales
- Grado en seguridade e control de riscos
- Certificados de profesionalidade de extinción de incendios
- Certificados de profesionalidade de socorrismo e espazos acuáticos

ACORDO : De conformidade coa certificación emitida polo servizo de Recursos humanos na data 6 de agosto de 2021, a antigüidade computase até a data de remate do prazo de presentación de solicitudes, o 6 de outubro de 2020.

No apartado titulacións, foi valorado o "Grado en seguridade e control de riscos" de conformidade co disposto na base decimo segunda nº 3.1.

Non se valora o "Ciclo superior de riesgos profesionales" coma titulación do mesmo nivel que a esixida para o ingreso na praza, por ser a que serviu para obter a que se alega como mérito.

En canto ós certificados de profesionalidade, non teñen a consideración de titulación académica.

Á vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas .

8. DE SOUSA DIAZ, BRUNO:

ALEGACIONES: Solicita que se revise a antigüidade.- Solicita se lle compute a súa experiencia laboral como cabo no consorcio contra incendios de Pontevedra xestionada pola empresa celta prix no período comprendido entre o 16 de agosto de 2007 e o 5 de abril de 2011

ACORDO : En relación con la antigüidade de conformidade coa certificación emitida polo servizo de Recurso humanos na data 6 de agosto de 2021, a antigüidade e dende o 11 de abril de 2011 até o 6 de outubro de 2020, polo que se computan 9 anos de conformidade co disposto no nº III das bases específicas, resultando $9 \times 0,05 = 0,45$ PUNTOS, polo que considérase correcta a puntuación outorgada.

Con relación á experiencia laboral reclamada, non foi alegada nin xustificada na solicitude presentada, polo que incumpe a base decimo terceira das xerais "Presentación de



documentación” que establece: *“Cando o sistema de selección sexa o o de concurso oposición os/as aspirantes deberan presentar xunto coa solicitude, e en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo a través de copia simple xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da seguridades social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional”.*

En consecuencia, non pode presentarse documentación nin valorarse a mesma unha vez finalizado o período de presentación de instancias.

A vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas .

9. FERNANDEZ COSTA, GERARDO:

ALEGACIÓNS- Considera mal valorados os apartados de cursos e titulacións académicas Aporta documentación sobre cursos realizados que terían una valoración de 3 puntos e alega que presenta como titulación superior a esixida para o acceso a praza un título en arquitectura e en outras titulacións superiores ou do mesmo nivel con relación directa a praza: master en urbanismo e título grado medio técnico deportivo .

ACORDO:En relación coa alegación presentada polo aspirante Gerardo Fernandez Costa, comprobase que que os cursos alegados na solicitude presentada para tomar parte no concurso oposición obran nos arquivos do servizo de recursos humanos polo que se procede a sua puntuación, correspondendo unha valoración de 3 puntos no apartado de cursos. Así mesmo compróbase que o título alegado coma Técnico en prevención de riscos laborais Nivel superior, que non fora valorado inicialmente, tamén figura nos arquivos de recursos humanos, polo que procede a sua valoración de conformidade co disposto no apartado 3.2 da base decimo segunda das xerais.

En consecuencia, o órgano de selección acorda estimar a alegación presentada por Gerardo Fernandez Costa, corrixindo a puntuación correspondente a cursos que pasa a ser de 3 puntos e a correspondente á titulacións académicas que pasa a ser de 2 puntos.

10. FERNANDEZ LEMOS, DAVID ANTONIO:

ALEGACIÓNS- Solicita se lle puntúe a titulación adxunta de bacharelato Cou por considerar que, de conformidade coas bases xerais no apartado 12.2 réxime de promoción interna, por titulacións equivalentes distintas á necesaria para concursar corresponde 1 punto e que por levar mais de 10 anos no servizo se lle ten que valorar a outra titulación aportada.

ACORDO: O órgano de selección informa que na instancia de solicitude non consta coma mérito o C.O.U. e en relación coa título de bacharelato non ten a consideración de superior, e para ser valorado no apartado 3.2 da decimo segunda das bases xerais coma titulación do mesmo nivel que o esixido para o acceso a praza, ten que ter relación directa coas funcións da praza, polo que non procede a valoración.

A vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas .



1. FUENTES DOMINGUEZ, JOAQUIN:

ALEGACIÓNS: Alega ó exercicio das funcións de Sarxento según consta en Certificado emitido o 01/03/2021 pola área de RRHH e Formación, documento que se corresponde ca solicitude efectuada con código de rexistro W474405-2930 e achegada na data de presentación de instancias.

ACORDO: En relación coa alegación presentada polo aspirante Joaquin Fuentes Dominguez relativa á antigüidade dos servizos prestados, a Area de Recursos Humanos na data 13 de setembro informa que non consta adscrición do solicitante ao posto de sarxento do servizo de extinción de incendios e salvamento, toda vez que a mesma debe estar motivada na promoción interna, mediante un proceso selectivo baseado nos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade que permita o ascenso ao subgrupo superior; así mesmo informa que no existe na area de recursos humanos e formación nomeamento ou encomenda formal para o desempeño de tales funcións.

En consecuencia o órgano de selección acorda desestimar a alegación presentada por Joaquin Fuentes Dominguez, mantendo a puntuación outorgada.

12. GOMEZ MOURE, JUAN CARLOS:

ALEGACIÓNS: Una primeira na que aporta documentación relativa a cursos realizados e outra na que reitera a documentación relativa a cursos realizados, achegando ademais un xustificante da realización de un curso de electricidade rural.

ACORDO: O órgano de selección informa que na solicitude presentada non se mencionan ni axuntan coma méritos a realización de cursos, polo que de conformidade co disposto na base decimo terceira das xerais "Presentación de documentación" na que se establece "*Cando o sistema de selección sexa o de concurso oposición os/as aspirantes deberan presentar xunto coa solicitude, e en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo a través de copia simple xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da seguridades social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional*", non pode presentarse documentación finalizado o período de presentación de instancias

A vista do exposto o órgano de selección acorda a desestimación das alegacións presentadas .

15. LÓPEZ VÁZQUEZ, DAVID JOSÉ:

ALEGACIÓNS:- Solicita se lle subsane a puntuación de galego de 0,50 a 0,75 puntos polo curso de linguaxe administrativa media .- Se puntúe con 1 punto, se procede, o título por estar en posesión doutra titulación do mesmo nivel requirido para o ingreso na praza. - Se subsane a antigüidade dun aspirante- Se subsane, se procede , a puntuación de antigüidade sumando os 224 días de traballo de condutor de motobomba da Xunta.- Engade que toda a documentación xa foi presentada no momento da solicitude da instancia.

ACORDO: Comprobase que na documentación adxunta á instancia de solicitude consta, ademais do Celga 4, curso de linguaxe administrativa galega de nivel medio na modalidade de teleformación, polo que de conformidade co disposto no nº 4 da base decimo segunda



das xerais, procede revisa-la valoración do apartado de coñecemento do idioma galego, correspondendo 0,75 puntos en lugar de 0,50 puntos.

Infórmase ó alegante que a antigüidade dos aspirantes debe ser valorada polo órgano de selección, de conformidade coa documentación aportada por cada un deles e de conformidade co disposto nas bases xerais e específicas.

Comprobase que o período de traballo coma condutor de autobomba é por un período inferior a un ano e discontinuo, polo que no procede a súa valoración de conformidade coa disposta nas bases xerais e específicas que rexen o proceso selectivo.

Por último, o título alegado de “Grado medio de ensinanza deportiva” ten unha equivalencia ó nivel requerido, de xeito que para ser valorado no apartado 3.2 da decimo segunda das bases xerais coma titulación do mesmo nivel que o esixido, tería que ter relación directa coas funcións da praza, polo que non procede a súa valoración.

A vista do exposto o órgano de selección acorda a estimación da alegación relativa ao galego substituíndo a valoración de 0,50 p por 0,75 e a desestimación das restantes alegacións presentadas.

Polo que a vista dos acordos de resolución das alegacións adoptados, publícase as puntuacións do concurso de méritos correctas:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	ANTIGÜIDADE	CURSOS	GALEGO	TITULACIÓN ACADEMICA	TOTAL
1	APARICIO GONZÁLEZ	VICENTE	***3236**	0,80	3,00	1,00	1,00	5,80
2	CABALEIRO NOVELLE	MIGUEL ÁNGEL	***0054**	0,65	3,00	0,50	0,00	4,15
3	CABALEIRO NOVELLE	DANIEL	***0059**	0,45	3,00	0,50	1,00	4,95
4	CABALEIRO RODRÍGUEZ	DAVID	***2656**	0,65	0,00	0,00	0,00	0,65
5	CALVAR RÍOS	MOISÉS	***4237**	0,45	3,00	1,00	1,00	5,45
6	CAMPOS IGLESIAS	DAVID	***4860**	0,45	0,40	0,15	0,00	1,00
7	CASTRO MERA	CARLOS	***6690**	1,40	3,00	0,75	1,00	6,15
8	DE SOUSA DÍAZ	BRUNO	***4176**	0,45	3,00	0,50	2,00	5,95
9	FERNÁNDEZ COSTA	GERARDO	***3466**	0,80	3,00	1,00	2,00	6,80
10	FERNÁNDEZ LEMOS	DAVID ANTONIO	***9971**	0,80	3,00	1,00	0,00	4,80
11	FUENTES DOMÍNGUEZ	JOAQUÍN	***7371**	1,30	3,00	0,50	0,00	4,80
12	GÓMEZ MOURE	JUAN CARLOS	***9646**	0,80	0,00	0,25	0,00	1,05
13	GONZÁLEZ RIVEIRO	DAVID	***7794**	0,65	0,00	0,15	0,00	0,80
14	GONZÁLEZ UCLÉS	MIGUEL	***1605**	0,80	0,00	0,00	0,00	0,80
15	LÓPEZ VÁZQUEZ	DAVID JOSE	***4327**	0,45	3,00	0,75	0,00	4,20
16	MOSQUERA ESTÉVEZ	DAVID	***7881**	0,75	3,00	0,50	0,00	4,25
17	PÉREZ GONZÁLEZ	RICARDO	***9871**	0,80	0,80	0,50	0,00	2,10
18	REINALDO LÓPEZ	NÉSTOR	***7191**	0,40	3,00	0,25	0,00	3,65
19	RIVERO ÁLVAREZ	FRANCISCO JAVIER	***0856**	1,15	3,00	0,50	0,00	4,65
20	RODRÍGUEZ CID	ANTONIO	***9565**	0,45	3,00	0,50	1,00	4,95
21	SOBRINO COSTOYA	ANXO	***7836**	0,15	2,50	0,50	0,00	3,15

O que se fai público para os efectos da súa notificación ós reclamantes, informándolles que contra este acordo do órgano de selección poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación deste acordo de resolución na web municipal (www.vigo.org).

ASINADO : A Secretaria do órgano de selección : Carmen Pintado García

ASINADO :O Presidente do órgano de selección : David Carvajal Rodríguez -Cadarsó



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/09/2021 08:51

Páxina 5 de 5

Expediente 36954/220

CSV: 2F85AF-B836A8-374788-483MYR-VVFRXR-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>